

Elisa Rosa Venta Pintos

(1903-1981)

A historia de Elisa Rosa Venta Pintos e o seu home, Ciríaco Licer Cons, é un claro exemplo de como a extorsión económica levada a cabo polos franquistas tras o golpe de Estado de 1936 supuxo a ruína de moitas familias, marcando a súa vida para sempre. Mostra tamén como algúns falanxistas aproveitaron a situación política para enriquecerse apropiándose de bens de familias caídas en desgraza por defender a legalidade republicana.

Ciríaco Licer foi unha das persoas que defendeu o goberno lexítimo naqueles tres aciagos días de xullo en Pontevedra, cando a democracia se atrincheiraba no Goberno Civil defendida desde os despachos por Alexandre Bóveda ou os mártires do 12 de novembro que, seguindo as directrices que desde Madrid marcaba o tamén pontevedrés Bibiano Fernández Osorio-Tafall como Subsecretario de Gobernación, dirixían as milicias de Jacobo Zbarsky e a resposta ao golpe que o pobo daba na rúa.

Nesa estrutura, a Ciríaco Licer tocoulle participar na requisa de armas, en concreto na zona de Xeve, e tras a toma do Goberno Civil por parte dos golpistas axiña foi detido. Tómanlle declaración o 14 de agosto, non podendo demostrar máis que a súa presenza na requisa dunha escopeta ao cura, Victoriano Pereira.



Na mesma causa son acusados outros pontevedreses como Nemesio Laya Abal, Ramón Rey Juncal, Manuel Dios Costado, Joaquín Fernández Barcia ou Eduardo Muíños Búa.

Os tres últimos serían condenados a morte e executados ás sete e media da mañá do 2 de decembro de 1936. Dentro da causa pola requisa de armas, xulgáranos polo que os golpistas chamaron “asalto” á armería de Ruperto Santos, que estaba na rúa Oliva. Nas declaracións da causa, no entanto, o propietario certificou que a requisa seguira un procedemento correcto. De acordo coas premisas do goberno, levouse a cabo a incautación rexistrando cada unha das pezas nun listado e deixando ao armeiro o correspondente recibo asinado. Formalidades que acabaron sendo usadas como proba da “rebelión” dos participantes contra o golpe fascista.

E os rebeldes condenaron os defensores da legalidade á morte.

Licer non fora á armería e librouse da pena capital pero no Consello de Guerra celebrado o 20 de novembro foi condenado a reclusión perpetua, despois rebaixada a trinta anos. Primeiro estivo en San Simón e logo no durísimo penal subterráneo de San Cristóbal, en Navarra. Coa condena empezou a loita da súa muller, Elisa Venta Pintos, para sacalo da cadea e o inicio do declive da acomodada situación da familia.

“Sentenciárono á cadea perpetua e a miña nai dicía que o prefería morto que enterrado vivo porque cadea perpetua era estar soterrado en vida. Así que traballou e traballou até que o soltaron”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

Esa procura da liberdade do home supuxo que Elisa tivese que dedicar boa parte do patrimonio familiar a comprar vontades e pasou de ser a dona dun próspero negocio de tecidos a dedicarse á venda ambulante de teas e ao estraperlo, como paso previo á emigración forzosa a Brasil para fuxir da presión que na década dos cincuenta seguían exercendo sobre ela, entón xa viúva, destacados falanxistas pontevedreses, e tamén para poder sacar adiante as catro criaturas que sobreviviron ao seu pai, das sete que chegou a parir Elisa.

En xullo de 1936 estaba embarazada do último dos fillos, que tampouco sobreviviría, ao que chamou como o pai. Ciríaco estaba xa preso e na memoria familiar ficou o relato de como ela deu a luz baixo a presenza ameazante dos gardas:

“Contaba mamá que cando ía nacer tiña na porta da casa dous gardas de asalto. Veu a parteira e díxollo:

-Elisa, tes dous gardas aí.

E a miña nai contestoulle:



-Mándalles entrar que igual queren ver o parto.

Porque estaban todo día enriba dela”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

Aínda quedaban un par de meses para o Consello de Guerra e Ciríaco estaba detido no Lazareto da illa de San Simón, ao que Elisa ía visitalo e levarlle comida, mentres usaba o patrimonio familiar primeiro para afastar do seu home a pena de morte e, tras a sentenza de cárcere, para conseguir a súa liberdade. E quedou atrás a vida cómoda levada até o momento:

“Nós tiñamos unha vida establecida. Papá tiña o taller con catro empregados, tiñamos criada e, antes do golpe de Estado, a mamá íalle ben coa tenda... Ela saía e nós quedabamos coa muchacha e coa costureira. Naquela época o meu pai tiña coche e o seu hobby era ir cazar. Ían ás granxas de Monteporreiro... pero con trinta e tres anos mamá quedou soa e para sacar a papá tivo que pagar... buf!”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

Pouco despois de metelo preso, Elisa pechou a tenda, na que chegara a ter unha persoa empregada, e cando o 26 de agosto de 1940 obtivo a liberdade xa se fora desfacendo pouco a pouco da súa vida toda:

“A miña nai foi vendendo todas as cousas. Tiña moitas xoias, unha vida boa e foi desfacéndose de todo, até que un día falou coa empregada e díxolle:

-Non podo pagarche máis, voute levar para Portugal...

-Ai non, dona Elisa, eu prefiro ficar aquí con vostedes...

E a costureira quedou con nós un pouquiño, pero co tempo tivo que marchar porque a situación non daba. Foi moita a diferenza da nosa vida antes e despois do golpe de Estado. E a miña nai tivo que loitar toda a vida (...). Empezou a non gañar nin para ter xente empregada e entón empezou a ir polas feiras vender os tecidos que quedaran cando pechou a tenda”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

Tamén o taller de Ciríaco ficaba baleiro á súa espera e cando acadou a liberdade dedicou os primeiros meses a construír baldes que a súa muller vendía cada quince días nun posto:

“Nas feiras de Pontevedra, que eran os días 1 e 15 de cada mes, a miña nai, o pai dunha veciña que se chamaba Norita, a señora Dolores e a señora Peregrina Afonsín, que eran tamén veciñas nosas da rúa das Flores, colocaban o seu postiño (...).

O meu pai tiña sona porque bebidas que noutras barricas se alteraban dun ano para outro, nas que facía el, non. E cando saíu do cárcere púxose a facer baldes para vender nos días de feira. Facía seis por mes e a miña nai vendíaos na Ferraría, que tiña un lugar alí para ela. Aínda que era unha nena, eu lembro chegar alí, agarrarme á miña nai e unha señora dicirlle que quería un balde. Ela contestoulle que xa os acabara, que só facía seis ao mes, e a señora púxose a queixarse de que quería un balde do meu pai porque deixaba a auga máis fresca.

-Pois viñeras máis cedo!”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]



Cando Ciríaco entrou no cárcere, a súa filla Elisa acababa de cumprir un ano. Cando saíu de San Cristóbal xa tiña os cinco e lembra ese primeiro encontro consciente co seu pai en Astorga, no cruzamento do tren que o trouxo de Pamplona co que a súa nai tomara en Pontevedra:

“Cando o meu pai saíu, a miña nai levoume no colo, eu lembro iso... Cando ela ía visitalo a Pamplona sempre facía transbordo en Astorga e sempre nos traía unhas mantecadas. E o día que foi porque soltaran o meu pai, eu fun con ela e cando os dous trens se atoparon, eu estaba no seu colo e ela entregoume ao meu pai:

-Toma, a filla que non coñeces!

E xa non lembro máis nada dese día”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

A partir de aí, a memoria de adulta conserva lembranzas soltas do pai que finou cando ela apenas tiña dez anos. Ir velo manexar as madeiras no taller, con aquela mesa preparada para mover as táboas e uns aparellos que Ciríaco manexaba coas pernas para facer as ripas.

“Tiña a maquinaria toda para construír os bocois de bebida e os baldes de auga pero aos poucos foise desfecendo de todo”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

A pesar dos anos de cárcere mantivo sempre o rexeitamento á ditadura e a súa filla lembra como nunha ocasión rexeitou o premio que acadara nun certame de manipulación de bocois que se fixera na Escola Naval de Marín, alegando que non quería ningún premio outorgado por Franco. Ao pouco deixou o taller de Pontevedra, “onde sempre foi moi perseguido” para empregarse nunha fábrica vinícola coruñesa e alí faleceu en 1945:

“Foi contratado na Coruña por unha empresa vinícola e uns días antes de morrer chegounos unha chamada. Antes ti tiñas que ir onde á compañía telefónica, que estaba na rúa San Román, e agardar. Avisáronos:

-Quere falar coas dúas fillas.

Pero chegamos a miña irmá e máis eu alí, que eu era unha nena, e dixéronnos:

-O señor marchou, non puido agardar.

Días máis tarde chegou unha carta dicíndonos que o meu pai falecera”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

As cousas aínda se complicaron máis para Elisa e a súa familia, e os ingresos, como en tantos outros fogares, chegaron do estraperlo. Elisa fixo viaxes até a fronteira de Portugal e converteu a súa casa nun almacén de produtos de contrabando.



“Ela intentou o estraperlo. Perdérao todo e había que continuar. Ás veces non ía ela a Portugal pero vendía produto na casa. Vendía azucre, café... sobre todo café. Todas as cafeterías de Pontevedra sabían da rúa San Román:

-Elisa, manda a nena con tantos quilos de café.

-Elisa, manda a nena cos paquetes de tabaco”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

Outras veces ía ela á fronteira:

“Todos os días ía a Tui porque entregaban o contrabando de Portugal. Mercaba sobre todo café e traíano agochado porque os carabineiros... Ela traía bolsas, que en cada bolsa ía un quilo de café, e colocaba a bolsa na cintura e logo colocaba o vestido e o chal que usaba e así traía o café. Moitas veces os carabineiros collíano porque alguén daba coa lingua contra os dentes, como se soe dicir. Mais a ela non a colleron nunca co café no corpo porque, se aparecían, soltaba as cintas coas que atara as bolsas e deixábaas caer. Se non te collían con elas no corpo non eras condenada pero perdías a mercadoría e os cartos cos que a mercaras. Perdías o gasto e a mercadoría, perdíalo todo. Ela ten traído de Portugal até paquetiños de sopa que custaban cinco pesetas. Todo iso era de contrabando, tamén o azucre e o bacallau”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

A súa nai era ademais moi boa cociñando.

“Ela tiña cada folla de bacallau detrás da porta! E cando o bacallau ía quedando húmido, era que o tempo ía mollarse. Eu ía ás cafeterías e mercábano.

-Elisa, mándame unha folla de bacallau.

Ou mándame isto, ou mándame isto outro pola rapaza... E alí ía...

Como facía o bacallau a miña nai! Colocaba os lombos a remollo, pasábaos por ovo e fariña, ou facíaos en ensalada, esmagadiños con allo e moito aceite, ou facía empanada e tamén a comiamos. Eu só comía bacallau da man da miña nai”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

Esas delicias puxéronlle a Elisa na man un contrato de cociñeira nun hotel de Brasil, que se converteu na pasaxe para deixar atrás a presión falanxista, que nunca desaparecera. En especial, por parte dunha familia pontevedresa.

“Sabes por que marchamos ao Brasil? Nós tiñamos unha casa na rúa San Román e os desa familia pedíronnos... Non nos pediron, non, tomáronos a parte de abaixo da nosa casa para abrir unha panadería. O forno estaba indo para Campolongo e o pan era distribuído no baixo da miña casa, que tiña unha sala grande. Pero non o tiñamos alugado! Tomárono, non pagaban nada. Eles eran falanxistas e tomáronnos a fronte da casa, unha sala grande que tiña unha fiestra que daba á rúa e na parte de atrás da sala había unha cociña de ferro que no inverno enchiamos de carbón e era o que nos quentaba. Tiñamos unha cociña completa e tamén un baño nesa parte de abaixo. Fóronos tomando esa parte e logo esixíronos as chaves do compartimento onde estaba a cociña de ferro, o cuarto de baño completo e a miña nai entregou todo. E aos poucos empezaron a tomar a parte de arriba e a miña nai díxolles:

-Non teño máis sitio para colocar as cousas da casa.



-Ponas dentro do teu cuarto.

E ela empezou a colocar as cousas dentro do noso cuarto. E fomos vendo que nos ían botar fóra”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

Chegaron os albores dos anos 50 e até Elisa, que era a máis pequena das criaturas que lle sobreviviran a Ciríaco Licer, comezaba a facerse preguntas. E a súa nai tivo medo:

“Nós empezamos a cuestionar... Eu tiña catorce anos e dicíalle:

-Pero mamá? Por que esta familia non nos paga o alugueiro?

E a miña nai pensou que acabarían matándonos a todos porque nós non calabamos e xa nos estaban botando da casa... así que colleu os cartos, preparou a pasaxe e mudouse para Brasil”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

Eses cartos viñeran da venda dos inmóbeis da familia, nun novo exemplo da represión económica que, no tempo do medo, levaron a cabo en Pontevedra, como no resto de cidades de España, os vencedores da guerra que eles mesmos provocaran.

“Cando fomos vendo que nos ían botar fóra, a miña nai dixo que quería vender a casa. Un veciño sóuboo e falou con ela:

-Elisa, se logras botar estes fóra, douche cen mil pesetas agora mesmo pola casa.

Iso estaba eu ao lado da miña nai. Pero a panadeira, que era nora dos falanxistas eses, escoitouno todo e entón eles manifestáronse para mercar a casa... Sabes por canto? Por trinta mil pesetas. E a miña nai non discutiu razón. Vendeulla”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

Non foi a única vez que Elisa tivo que achantar coa imposición dos novos amos da cidade.

“Tiñamos outros terreos no centro de Pontevedra e outra falanxista quixo alugalos, dixo que pagaría... non pagou nada e logo presentou un documento como quen que llos venderamos. Chamáronos para unha reunión e presentáronlle a miña nai, que non sabía ler, un documento onde dicía que ese terreo fora vendido. A miña nai levoume con ela, mandoume ler e cando cheguei a ese paragrafo, díxome:

-Para, aquí non se asina.

Levantouse e eu saín con ela.

Entón a falanxista dixo:

-Mércochas.

Deunos tamén trinta mil pesetas por unhas fincas que custaban máis de cen mil. E a miña nai vendeu toda caladiña”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]



Xa sen propiedades, Elisa Venta, que proviña dunha familia de militares, deixou o seu fillo máis vello na Marina de Guerra, o pequeno no servizo militar, as dúas nenas na casa da madriña da maior e marchou para Río de Xaneiro con aquel contrato de cociñeira que lle procurara o home dunha coñecida que tiña un hotel alá.

“El mandara buscar a muller para levala para alá e ofreceulle traballo á miña nai”.
[Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

Pero ao chegar e ver o trato que se lle dispensaba aos galegos emigrados no Brasil, Elisa rompeu o contrato e empezou a buscar traballo soa nun país a dez mil quilómetros do seu:

“Non lle gustou o que ela viu alá cos españois, rachou o contrato e buscou a vida en Río. O dono do hotel díxolle:

-Elisa, vou chamar á policía!

E ela contestoulle:

-Entón imos ver quen vai preso antes.

Porque o que a miña nai viu que facían cos galegos naquel hotel era inhumano! Os galegos chegaban, entregaban as maletas, entregaban todo e roubábanlles os cartos, roubábanlle todo! E logo dicíanlles:

-Tes que pagar!

-Mais non temos cartos!

A miña nai viu todo aquilo e rompeu o contrato.

-Vas ir presa!

-Ti vai á policía, a ver quen vai preso primeiro.

E marchou para a zona sur de Río de Xaneiro”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

Tras romper aquel contrato, Elisa atopou a liberdade que non coñecía desde que, o 20 de xullo de 1936, a chegada dos golpistas a Pontevedra destruíra a vida que coñecía até entón:

“En todos os lugares polos que ela pasou era respectada. E falaba! Que aquí non podía falar, sabes? Alí tiña unha liberdade! Saíu de aquí e puido falar, puido ser xente e foi respectada, que aquí non era respectada, non podía falar e nós non podíamos preguntar nada tampouco, entendes?”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

En 1958, Elisa Licer reuniuse coa súa nai no Brasil, onde tamén viviría até a fin dos seus días o seu irmán Antonio. Desde nena asumira a aprendizaxe de ter que baixar a cabeza ante quen impuxera o terror pola forza.



“A min unha vez unha falanxista pegoume, na fronte mesma da miña nai. Chamábase Teresa e o home fora motorista de Franco. Tiñan unha panadería de camiño a Campolongo, na praza de San José. Un día estaba eu xogando fronte á miña casa, que aí estaba o balcón, e a miña nai sentaba aí... Eu estaba xogando na rúa ao peletre e ela pasou... ía camiñando coas mans atrás... Colleu a gorra e, xusto fronte á miña nai, fixo... pá!

-Quita, niña!

E deume coa gorra.

Eu díxenlle:

-Por que me pega, dona Teresa?

E a miña nai só me mirou así... E xa non preguntei máis nada. A miña nai estaba diante pero non importaba, porque ela tiña todo o poder”. [Elisa Licer, filla de Elisa Venta.]

A nena aprendérao. Aprendérao dos anos de cárcere do seu pai, das propiedades furtadas á súa familia, dos quilos de café que a súa nai tivo que agochar debaixo da saia para quitarlles a fame. Aprendeuno de Emma Mourón, aquela amiga de Elisa que tiña o home agochado debaixo dunhas táboas na casa das súas irmás. Que tivo medo de acabar no paredón a pesar de dar a luz naquel verán ao seu fillo Carlos. Que pasou anos présa. Aquela muller que apareceu un día correndo na súa casa:

-Elisa, dixo o gobernador que poden saír os fuxidos que non teñan delitos de sangue. Voullo dicir a Manuel...

-Non te fíes, Emma. Non lle creas nada a estes.

Aprendérao de Matilde Caamaño, aquela outra muller que xa non podía salvar o seu home, o doutor Amancio Caamaño, porque fora fusilado o 12 de novembro xunto a outros nove pontevedreses que, como Ciríaco, defenderan o Goberno Civil, mais desde dentro.

Aínda lembra a última vez que Matilde foi visitar a Elisa, logo de que as incautacións a deixaran sen o inmoble que ademais do hospital do seu defunto marido acollía o seu fogar.

-Onde estás agora?.- Preguntáralle Elisa.

-En Santo Amaro, no único sitio que nos deixaron.

Lembra ir buscar a Amancio, o fillo de Matilde, ao cuartel onde facía o servizo militar.

-Anda, a miña irmá pequeniña!



Despois volver a aquela casa, onde a conversa das que quedaran despois do fusilamento e do cárcere, estaba sendo escoitada pola falanxista daquela familia.

E despois o silencio. O dos Caamaño, que seguiron coa súa vida en Compostela, e o dos Licer. Un silencio que até na forzada emigración brasileira durou máis de corenta anos.